

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/4/2020	GOB14I015
4Q5T1W013O59353812CO	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trinta de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.- (...)

PRIMEIRO: Outorgar a José Mosquera Castro (*****), licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Lg. Gadoi nº 7 - Castro (Ref. catastral 5800601NJ6250S0001SJ), con suxección as seguintes condicións:

- axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-Delegado de Urbanismo do día 28/09/2017 (Exp.- 12/2017).
- Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra de data 27/12/2018 visado polo colexios oficiais correspondentes, e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE APERTURA (EXP. AR 8/2008).- (...)

PRIMEIRO: OUTORGAR licenza de apertura e posta en funcionamento a María Sol Pena Raña (*****) para a actividade de bar, catalogada segundo o Decreto 124/2019 do 5 de setembro, co número III.2.5.3. denominada “bares” **cun aforo de 234 persoas**, sita na estrada de Castela nº 708 baixo, quedando a licenza suxeita ás seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo, ao proxecto de actividade e instalacións de local comercial asinado polo enxeñeiro técnico industrial Emilio J. Ponte Barbeito, visado no COETICOR en data 19.11.2008, certificado final de obra, certificado de medición de ruídos e demais documentación presentada os efectos.
- b) Deberá cumprir co especificado na ordenanza municipal de ruídos.
- c) Axustarase en todo, as condicións especificadas na licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno o 26 de abril de 2007.
- d) **Deberá dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil cuxa vixencia terase que manter en tanto permaneza en funcionamento o establecemento aberto ao público, conforme o establecido no artigo 8 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos y actividades recreativas. O capital mínimo da dita póliza será de 600.000 euros, consonte coa Disposición transitoria terceira da dita Lei.**
- e) **O establecemento deberá adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.**

SEGUNDO: Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de apertura por un importe total de 810,73 euros.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN BASES PRAZAS ANO 2019.-

(...) Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA:

A) ANTECEDENTES

Na oferta de emprego público do ano 2017 aparece incluída a seguinte praza:

Grupo A1.- Clasificación: Escala Admon. Xeral. Subescala: Técnica superior. Número de vacantes: 1.- Denominación: Técnico superior.

Na oferta de emprego público do ano 2019 aparecen relacionadas as seguintes prazas:

Grupo A2.- Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Técnica. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico de Xestión.

Grupo C1.- Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Administrativa. Número de vacantes: 3. Denominación: Administrativo.

Grupo C2.- Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Auxiliar. Número de vacantes: 3. Denominación: Auxiliar Administrativo.

B) CONSIDERACIONES XURIDICAS-



- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Reglas Básicas e Programas Mínimos do Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións que sexan de aplicación.

C) INFORME

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítase o seguinte informe-proposta:

Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aproba-las seguintes bases específicas para a provisión das seguintes prazas de funcionarios de carreira do Concello de Narón: 1 praza de Técnico superior; 1 praza de Técnico de Xestión; 3 prazas de Administrativo e 3 prazas de Auxiliar Administrativo:

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISION DE UNHA PRAZA DE TECNICO SUPERIOR

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Xeral. Subescala: Técnica. Técnico superior.

2.-Número de prazas que se convocan.- 1

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A1, nivel 22, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.

4.- Sistema de provisión.- Oposición libre.

5.-Titulación esixida.- Título universitario oficial de grado.

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais.

7.- Funcións do posto de traballo.

Xestionar, programar, establecer e concretar estratexias, proxectos e procedementos da corporación na materia competencial do servizo, segundo as directrices emanadas pola xefatura da área e os órganos de goberno, con criterios de eficacia, eficiencia e calidade na xestión pública, con obxecto de conseguir uns mellores servizos aos cidadáns con custos adecuados.

Cometidos:

1. Dirixir e coordinar os recursos humanos, económicos e materiais asignados ao servizo.
2. Elaborar e administrar o orzamento do seu ámbito competencial.
3. Elaborar normativas e establecer melloras nos procesos do seu ámbito.
4. Preparar informes técnicos sobre o ámbito de actuación e elaborar as propostas de plans de mellora.
5. Analizar e resolver consultas e incidencias derivadas dos procesos xestionados no ámbito competencial.
6. Promover a interlocución coas unidades internas que xestionen procesos compartidos e coordinación coas institucións externas.

8.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame

9.- Dereitos de exame.- 17,21 euros.

10.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente).- Un funcionario/a municipal.
- Vocais (en número de tres).- Funcionarios/as de calesquera administración pública.
- Secretario (titular e suplente).- Funcionario/a de carreira de calesquera Administración Pública

11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O proceso selectivo constará de:

FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO.- Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, 2 temas extraídos ao chou polo Tribunal, de entre os que figuran como Anexo a estas bases, un do grupo 1 e outro dos grupos 2 e 3, inmediatamente antes da celebración do exercicio.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, en cada un dos temas, para superalo.

A cualificación final deste exercicio, virá determinada pola media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos temas.

SEGUNDO EXERCICIO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no temario que se indica como Anexo.

Neste exercicio valorarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática no planteamento e formulación de conclusións e o coñecemento e adecuada interpretación da normativa aplicable no seu caso. Se permitirá o uso de textos legais non comentados para a realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, en cada unha dos supostos para superalo.

A cualificación final deste exercicio, virá determinada pola media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos supostos.



TERCEIRO EXERCICIO.- Galego.

Consistirá na tradución dun ou varios textos seleccionado/s polo Tribunal, no tempo máximo de 1 hora.

Quen acredítase, estar en posesión do título Celga 4 de galego, estará exento da realización deste exercicio.

A cualificación do exercicio será de “apto” ou “non apto”,

A puntuación total obtérase sumando as obtidas nos dous primeiros exercicios.

TEMARIO

GRUPO 1

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Características Xerais. Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

TEMA 2.- As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración na Constitución. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Valedor do Pobo. Relacións deste coa Administración.

TEMA 3.- Os Principios reitores da Política Social e Económica. A economía e a facenda na Constitución. O Tribunal de Contas.

TEMA 4.- As fontes do Dereito Administrativo. Os Tratados Internacionais como norma de Dereito interno. As relacións entre o Ordenamento Estatal e o Autonómico.

TEMA 5.- A Lei. Elaboración e aprobación das Leis. Tipos de Leis na Constitución. Disposicións do Goberno con forza de Lei. O Regulamento. A potestade regulamentaria. Distinción de figuras afíns. As relacións entre a Lei e o Regulamento. Inderrogabilidade singular dos Regulamentos.

TEMA 6.- A Unión Europea. A Comisión. O Consello. O Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza.

TEMA 7.- O ordenamento xurídico da Unión Europea e as súas fontes. Libre circulación de mercadorías: a Unión Aduaneira, a libre práctica, a cooperación aduaneira e a prohibición de restricións cuantitativas entre os estados membros. A aduana e as políticas da Unión Europea. A organización Mundial do Comercio. Organización Mundial de Aduanas

TEMA 8.- As fontes do Dereito Comunitario.

TEMA 9.- A política rexional da Unión Europea. Os fondos estruturais. A cohesión económica e social.

TEMA 10.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A Administración Xeral do Estado. Estrutura. A administración Xeral do Estado no exterior. Sector público institucional. Relacións interadministrativas.

TEMA 11.- Poder xudicial O Consello xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. Natureza. Organización. Funcións. composición. competencias. A xurisprudencia constitucional.

TEMA 12.- A Organización Territorial do Estado na Constitución. Especial referencia á xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre o Título VIII da Constitución. As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía. Réxime de competencias. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

TEMA 13.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.

TEMA 14.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 15- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas Da actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.

TEMA 16.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Emisión de documentos polas Administracións Públicas. Validez e eficacia das copias realizadas polas Administracións Públicas. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo. Termos e prazos.

TEMA 17.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Dos actos administrativos: Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 18.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Iniciación do procedemento. Disposicións xerais. Clases e especialidades de iniciación. Inicio do procedemento a solicitude do interesado. Ordenación. Instrución: Disposicións xerais. Proba. Informes. Participación dos interesados.

TEMA 19.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Finalización do procedemento: Disposicións xerais. Terminación: Clases de terminación e especialidades. Tramitación simplificada do procedemento administrativo. Execución. Título. Executoriedade. Execución forzosa. Medios de execución forzosa.

TEMA 20.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Da revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio. Revisión de disposicións e actos nulos. Declaración de lesividade de actos anulables. Suspensión. Revogación de actos e rectificación de erros. Límite da revisión. Competencia para a revisión de oficio das disposicións e de actos nulos e anulables na Administración Xeral do Estado.

TEMA 21- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Recursos administrativos: Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. A suspensión da execución do acto recorrido.

TEMA 22.- A potestade sancionadora: Concepto e significado. O dereito sancionador. Principios do exercicio da potestade sancionadora. As sancións administrativas: concepto, natureza e clases. O procedemento sancionador.

TEMA 23.- A Xurisdición Contencioso-Administrativa. A súa natureza, extensión e límites. Órganos e competencias na orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

TEMA 24- Marco normativa específico de prevención de riscos laborais. A lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais: ámbito de aplicación. Dereito e obrigas. Órganos de representación en materia preventiva: Delegados de prevención e comité de seguridade e saúde.

TEMA 25.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

Tema 26.- Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas polo Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. II Plan de igualdade do Concello de Narón. A transversalidade de xénero. Estructuras competentes e criterios de transversalidade.

TEMA 27.- Lei 19/2013, de 9 de decembro. De transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TEMA 28.- Funcionamento electrónico do sector público na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TEMA 29- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: Dos convenios. Tipos de convenios. Requisitos de validez e eficacia. Contido. Trámites preceptivos. Efectos. Extinción e resolución.

TEMA 30.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos del Sector Público. Tipos de contratos del sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos y contratos privados. Disposicións xerais sobre la contratación del sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma del contrato, réxime de invalidez, recurso especial en materia de contratación

TEMA 31.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: Preparación de los contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. obxecto, prezo e valor estimado.



TEMA 32.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: A adxudicación dos contratos. Anuncio de licitación. Prazos de presentación de solicitudes. Proposicións dos interesados. Criterios de adxudicación. Resolución e Formalización. Especial referencia ao procedemento aberto simplificado e simplificado sumario.

TEMA 33.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación

TEMA 34.- - Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: Competencia e normas específicas de contratación pública nas entidades locais. Regulación dos contratos menores. Especial referencia ás interpretacións dos órganos consultivos

TEMA 35.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: O contrato de obras. actuacións preparatorias do contrato de obras. execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución

TEMA 36.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: Contratos do sector público . O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción das obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións

TEMA 37.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: O contrato de concesión de servizos. actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos. Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos. execución e modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

TEMA 38.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: O contrato de subministro e o contrato de servizos. Execución. Cumprimento. Extinción. Regulación de determinados contratos de subministro. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obra

TEMA 39.- A expropiación forzosa: Natureza e xustificación da potestade expropiatoria. Os suxeitos da potestade expropiatoria. A causa expropiandi.

TEMA 40.- O procedemento expropiatorio xeral. A declaración de utilidade pública ou interese xeral. A declaración de necesidade de ocupación. O prezo xusto. A garantía do prezo xusto fronte ás moras e depreciación monetaria. O pagamento. A declaración de urxencia da ocupación de bens afectados pola expropiación. Garantías xurisdicionais en materia de expropiación. A reversión.

TEMA 41.- A responsabilidade da Administración Pública segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Principios. Orzamentos. Efectividade da reparación. Especialidades nos procedementos de responsabilidade patrimonial.

TEMA 42.- As formas de actividade administrativa. A actividade de policía: A autorización administrativa. O fomento e os seus medios. Análise especial das subvencións.

TEMA 43.- A actividade administrativa de prestación de servizos. O servizo público: concepto. Os modos de xestión do servizo público. A forma de xestión directa. A concesión: Concepto, natureza e clases.

TEMA 44. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A actividade subvencional. Procedementos de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións. Procedemento de reintegro.

TEMA 45.- Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Disposicións comúns ás subvencións públicas. Procedementos de concesión e xestión.

TEMA 46.- O dominio público: Concepto e natureza. Elementos. Clases. Afectación e mutacións demaniais. Réxime Xurídico do dominio público. Uso e utilización do dominio público. A concesión e a reserva demanial. O patrimonio privado das Administracións Públicas.

TEMA 47.- Normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre medio ambiente. Evolución e lexislación actual. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección ambiental de Galicia.

TEMA 48.- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

GRUPO 2:

TEMA 49.- A administración local na Constitución de 1978. Especial análise do principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Doutrina do Tribunal Constitucional.

TEMA 50.- Fontes do ordenamento xurídico local. Lexislación estatal sobre réxime local. Lexislación autonómica sobre réxime local e as súas relacións coa estatal. A Potestade Regulamentaria das Entidades Locais. Órganos titulares.

TEMA 51.- As Ordenanzas e Regulamentos. Elaboración e aprobación das Ordenanzas e Regulamentos. A publicación das normas locais. Os Bandos. O Regulamento orgánico do Concello de Narón

TEMA 52- Relacións entre a Administración Central, a Autonómica e a Local. Principios xerais. Fórmulas de cooperación, colaboración e coordinación. Técnicas de control. A disolución das Entidades Locais

TEMA 53- Normativa de aplicación ás eleccións locais. Principios. Electores e elixibles. O procedemento electoral. Proclamación de membros electos das Corporacións Locais. Réxime de recursos. Perda da condición de membro da Corporación

TEMA 54- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local: O Municipio. Concepto e elementos. O municipio como entidade básica da organización territorial do Estado. Entidade representativa dos intereses locais e como organización prestadora de servizos públicos.

TEMA 55- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local O termo municipal. Creación e supresión de municipios. Alteración de termos municipais. Normativa autonómica.

TEMA 56- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local A poboación municipal. O empadramento: o padrón municipal de habitantes. Os dereitos dos veciños. Os dereitos dos estranxeiros. A participación veciñal.

TEMA 57- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local Autonomía local e competencias municipais. Cláusula xeral e servizos mínimos. As competencias locais e provinciais A organización municipal. Principios fundamentais. Municipios de Gran Poboación e Municipios de réxime común.

TEMA 58- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local Municipios de gran poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas

TEMA 59- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local .Réxime de sesións e acordos das Corporacións Locais. Normas reguladoras. As sesións; as súas clases; requisitos e procedementos de constitución e celebración. Os acordos das Corporacións Locais. Sistema de votación e computo de maiorías Actas e Certificacións. Informes do Secretario e do Interventor. As resolucións do Presidente da Corporación. Moción de censura e cuestión de confianza.

TEMA 60- Lei de administración local de Galicia. Estructuras supramunicipais. A Bisbarra. As Mancomunidades. As Áreas Metropolitanas. Os consorcios locais

TEMA 61- Os recursos contra os actos das Entidades Locais. A revogación e a revisión de oficio. As reclamacións previas á vía xudicial e o esgotamento da vía administrativa trala aprobación da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

TEMA 62- A o Réxime de impugnación e suspensión dos actos e acordos locais en caso de conflito coa administración do estado e da comunidade autónoma. A impugnación polas corporacións locais das disposicións e actos doutras administracións públicas que lesionen a súa autonomía

TEMA 63- Fórmulas específicas de cooperación da administración do Estado e da comunidade autónoma á xestión dos servizos das Entidades Locais. Asistencia e cooperación das deputacións provinciais cos municipios, en especial en materia de obras e servizos.

TEMA 64- O persoal ó servizo das entidades locais. Clases. Especial referencia ós funcionarios con habilitación de carácter nacional. Réxime disciplinario dos funcionarios locais.

TEMA 65- Os bens das entidades locais. Clases. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais . Os montes veciñais en mancomún. O inventario de bens

GRUPO 3

TEMA 66- A función pública. Normativa básica estatal e lexislación autonómica. Clases de persoal. Organización do emprego público: estrutura do emprego público e planificación. A oferta de emprego público. Adquisición da condición de empregado público: principios reguladores. Requisitos de acceso. Sistemas selectivos. Adquisición da relación de servizo. A extinción da condición de funcionario público.

TEMA 67- Dereitos e deberes dos funcionarios. Promoción profesional e avaliación do desempeño. Mobilidade do persoal funcionario. Permisos e licenzas. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivo dos empregados públicos. O código de conduta dos empregados públicos.

TEMA 68- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública. Réxime disciplinario dos funcionarios locais. Responsabilidade civil, penal e patrimonial do persoal ao Servizo da Administración Local. As situacións administrativas dos funcionarios locais.

TEMA 69- Marco constitucional do urbanismo. Competencias urbanísticas do Estados, das Comunidades autónomas e das Entidades Locais. A ordenación territorial. A Carta Europea de ordenación do territorio.

TEMA 70- Réxime urbanístico da propiedade do solo. Contido do dereito da propiedade do solo: facultades, deberes e cargas. Criterios de utilización do solo na normativa básicas. Especial referencia a situación do solo rural e urbanizado: facultades e deberes en cada tipo de solo

TEMA 71- A lexislación urbanística vixente en Galicia. Réxime urbanístico do solo. Clasificación do solo. Réxime das distintas clases e categorías.

TEMA 72- Plan urbanístico. Clases de instrumentos de ordenación. Disposicións xenerais. O Plan xeral municipal. plans de desenvolvemento. elaboración e aprobación dos instrumentos do plan. Efectos da aprobación dos plans.



TEMA 73-A Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria. Estrutura e principios xerais. Dereitos e obrigas da Facenda Pública

TEMA 74.-A Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Disposicións Xerais do Ordenamento Tributario. Os tributos. A aplicación dos tributos: xestión de tributos. Actuación e procedemento de inspección. Actuación e procedemento de recadación. A potestade sancionadora. Revisión en vía administrativa.

TEMA 75.- As Facendas Locais: Principios Constitucionais. Lexislación aplicable. Imposición e ordenación de tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: contido e procedemento de elaboración

TEMA 76- As ordenanzas fiscais do Concello de Narón

TEMA 77- Recursos das Facendas Locais. Taxas. Prezos Públicos. As contribucións especiais. Réxime Xurídico

TEMA 78- Réxime do endebedamento a longo prazo. Réxime das operacións de tesourería. Procedemento para a concertación das operacións de endebedamento e o principio de prudencia

TEMA 79- O Imposto sobre bens inmobles. O imposto sobre actividades económicas. Evolución e situación actual. O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O Imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

TEMA 80- A xestión dos tributos locais. A recadación. A inspección.

TEMA 81- A revisión en vía administrativa dos actos de xestión ditados en materia de facendas locais. A devolución de ingresos indebidos.

TEMA 82.- O orzamento das entidades locais. Estrutura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento. As bases de execución. Prórroga do orzamento.

TEMA 83- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

TEMA 84- O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.

TEMA 85.- O Orzamento do Concello de Narón. Estrutura e bases de execución do orzamento.

TEMA 86- Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. clases de pagamentos: en firme, a xustificar e anticipos de Caixa fixa

TEMA 87 A liquidación do orzamento: contido e tramitación. A Conta Xeral: contido e tramitación.

TEMA 88.- A intervención no ámbito local. Control e fiscalización interna. A tesourería municipal. Competencias. A planificación financeira. Control e fiscalización externo: O Tribunal de Contas. A responsabilidade contable.

TEMA 89.- A contabilidade dos entes locais. O sistema de información contable da administración local. As normas de valoración. O plan de contas.

TEMA 90.- O período medio de pago a provedores. Información a render á oficina virtual das entidades locais. Medidas preventivas, correctivas e coercitivas en caso de incumprimento da normativa de estabilidade e sustentabilidade das entidades locais.

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 1 PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Xeral. Subescala: Técnica.

2.-Número de prazas que se convocan.- 1

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A2, nivel 20, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.

4.- Sistema de provisión.- Promoción interna por concurso oposición.

5.-Titulación esixida.- Titulación universitaria oficial de grado.

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademáis os seguintes:

- Ser funcionario do Concello de Narón, pertencente ó grupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala: Administrativa.

- Ter alomenos unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, de acordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

7.- Funcións do posto de traballo

Xestionar, controlar e informar os expedientes da unidade administrativa, velando polo bo fin dos procedementos e analizando os resultados.

Cometidos

1. Controlar a tramitación dos expedientes da unidade.
2. Informar expedientes.
3. Redactar propostas de resolución relativas aos expedientes da unidade.
4. Supervisar o traballo do persoal administrativo baixo a súa dependencia.
5. Supervisar o traballo do persoal administrativo baixo a súa dependencia.
6. Xestionar orzamento e liquidar taxas da unidade.
7. Sustituir á xefatura de servizo no caso de ausencia.

8.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame
- Fotocopia compulsada dos méritos alegados

9.- Dereitos de exame.- 8,57 euros.

10.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

Presidente (titular e suplente).- Un funcionario municipal.

Vocais (en número de tres).- Funcionario de calesquera administración pública.

Secretario (titular e suplente).- Funcionario de carreira de calesquera Administración Pública

11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

FASE DE CONCURSO

A fase de concurso que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Para o devandito concurso acompañarase relación circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos acreditativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.

Na devandita fase avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido, ata un máximo de 4 puntos:

Servicios prestados no Concello de Narón, en prazo do grupo C1, Administrativo	0,5 puntos por ano traballado, ata un máximo de 2 puntos.
Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza	0,25 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos.
So se valorarán os cursos homologados oficialmente e impartidos por organismos públicos e centros autorizados.	

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formaliza-la solicitude de participación, presentando a documentación orixinal ou fotocopias compulsadas.

FASE DE OPOSICIÓN

Constará dun exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

EXERCICIO PRACTICO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas un exercicio práctico, a elixir de entre 2 propostas polo tribunal, relacionados co Anexo que se achega a estas bases.

Para realizar este exercicio os/as aspirantes poderán facer uso dos textos, documentación ou libros de consulta que consideren oportuno.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

A puntuación final obterase sumando as obtidas nas fases de concurso e de oposición.

ANEXO

- 1.- Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local.
- 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 3.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 5.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 6.- Lei de presupostos xerais do estado.
- 7.- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 8.- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- 9.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público.
- 10.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociales de Galicia.
- 11.- Lei 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia.



- 12.- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público.
- 13.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- 14.- Real decreto 33/1986, de 10 de xaneiro, Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da administración do Estado.
- 15.- Ordenanzas fiscais do Concello de Narón para o ano 2019.

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO

- 1.- Clasificación da praza.-** Escala de Administración Xeral. Subescala: Administrativa.
- 2.-Número de prazas que se convocan.-** 3
- 3.- Dotación económica.-** As retribucións correspondentes ó grupo C1, nivel 16, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.
- 4.- Sistema de provisión.-** Promoción interna por concurso oposición.
- 5.-Titulación esixida.-** Bacharelato ou técnico.
- 6.- Requisitos dos/as aspirantes.-** Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademáis os seguintes:
 - Ser funcionario do Concello de Narón, pertencente ó grupo C2, Escala de Administración Xeral, Subescal: Auxiliar.
 - Ter alomenos unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, de acordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 7.- Funcións do posto de traballo**

Realizar tarefas administrativas, de trámite e colaboración. En función das instrucións, normas ou procedementos establecidos.

Cometidos:

 1. Tamitar expedientes da unidade administrativa.
 2. Informatizar documentos da unidade.
 3. Rexistrar e arquivar documentación.
 4. Atender ao público.
 5. Substituir ao persoal administrativo da unidade ou ao superior xerárquico no caso de ausencia ou por delegación das súas funcións.
- 8.- Dereitos de exame.-** 8,57 euros.
- 9.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-**
 - Fotocopia compulsada do DNI
 - Fotocopia da titulación esixida.
 - Xustificante de pago dos dereitos de exame
 - Fotocopia compulsada dos méritos alegados
- 10.- Composición do tribunal.-** O tribunal estará composto por:

Presidente (titular e suplente).- Un funcionario municipal.

Vocais (en número de tres).- Funcionario de calesquera administración pública.

Secretario (titular e suplente).- Funcionario de carreira de calesquera Administración Pública
- 11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**

O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

FASE DE CONCURSO

A fase de concurso que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Para o devandito concurso acompañarase relación circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos acreditativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.

Na devandita fase avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido, ata un máximo de 4 puntos:

Servicios prestados no Concello de Narón, en prazo do grupo C2, Auxiliar Administrativo	0,5 puntos por ano traballado, ata un máximo de 2 puntos.
Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza	0,25 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos.
So se valorarán os cursos homologados oficialmente e impartidos por organismos públicos e centros autorizados.	

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formaliza-la solicitude de participación, presentando a documentación orixinal ou fotocopias compulsadas.

FASE DE OPOSICIÓN

Constará dun exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

EXERCICIO PRACTICO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas un exercicio práctico, a elixir de entre 2 propostos polo tribunal, relacionados co Anexo que se achega a estas bases.

Para realizar este exercicio os/as aspirantes poderán facer uso dos textos, documentación ou libros de consulta que consideren oportuno.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

A puntuación final obterase sumando as obtidas nas fases de concurso e de oposición.

ANEXO

- 1.- Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local.
- 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 3.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público.
- 5.- R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- 6.- Lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos del Sector Público.

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Xeral. Subescala: Auxiliar.

2.-Número de prazas que se convocan.- 2

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo C2, nivel 14, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.

4.- Sistema de provisión.- Promoción interna por concurso oposición.

5.-Titulación esixida.- Graduado en ensino secundario obrigatorio.

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademáis os seguintes:

- Ser funcionario do Concello de Narón, pertencente ó grupo C2, Escala de Administración Xeral, Subescal: Subalterna. Conserxe
- Ter alomenos unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, de acordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

7.- Funcións do posto de traballo.

Realizar tarefas administrativas de trámite e colaboración, en función das instrucións, normas ou procedementos establecidos.

Cometidos:

1. Asistir na tramitación de expedientes da unidade administrativa.
2. Informatizar documentos da unidade.
3. Rexistrar e archivar documentación.
4. Atender ao público.
5. Substituir ao persoal adm,inistrativo da unidade.

8.- Dereitos de exame.- 8,57 euros.

**9.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-**

- Fotocopia compulsada do DNI
